

Os meus amigos da Asociación de Periodistas de Galicia quixeron que fose eu quen se encargue de presentar aquí a *Manuel Martín Ferrand*. Grazas, Arturo Maneiro. Grazas, Pepe Castro. E grazas a todos.

Direivos por que volo agradezo: Eu non deses amigos del alma que sempre lle aparecen aos que destacan cando xa destacaron. Nunca experimentei ningún gosto loamiñeiro por facer de chufón de ninguén nin de nada senón, máis ben, o contrario: o que máis me presta é nadar contra corrente. Se cadra é porque non sei nadar e así paro antes de ter que dar brazadas. Os que non sabemos flotar afogámonos e xa está. É unha maneira de sobrevivir debaixo da auga.

Debo expresar, logo, que non son un "amigo de toda la vida" de Manuel Martín Ferrand, e mesmo tería que indicar que non somos almas xemelgas, nin falta que lle fai a el, en primeiro lugar, nina min despois ca el. Porén, é xustamente esta desafinidade sanguínea, o que non sexamos da mesma familia nin da mesma *erriko taberna*, o que máis me anima, ata o punto de encherme de orgullo, a falar deste coruñés e galego de nacemento, de corazón e de sabedoría.

Cantas horas me fixeche pasar, querido Manolo, pegado á miña vella Sony ICF-7600 D para ir sabendo, día a día, hora a hora das túas 25, que o universo e a estupidez humana son infinitos, antes de que o aprendera de Albert Einstein. Porque, por se alguén dos novos non o sabía ou algún dos outros o esquencemos, Manuel Martín Ferrand inventou a nova radio española do mesmo xeito que Tom Wolfe inventou o novo xornalismo norteamericano, levando as ondas do derradeiro franquismo primeiramente e logo ás da incipiente democracia liberdade, intelixencia e altísimas doses de creatividade.

Houbo un tempo no que, grazas a este home que estamos a homenaxear, a emisora para a que traballaba, que era a Ser, curounos aos radioíntes españois do complexo que tiñamos respecto aos ingleses ou franceses, por exemplo. Os que xa viaxabamos dende moito antes de morrer Franco, sen medo a que ningunha Air Comet nos deixase tirados nalgún areoporto, pola simple razón de que estes eran lugares que pisabamos poucas veces, caíanos a cara de vergonza e o noso corazón saltaba de envexa cando escoitabamos a *BBC*, *Radio France* ou calquera emisora local de Escocia, a Province ou a Toscana. Voltabamos logo ás nosas casas e seguimos amolentándonos e aburríndonos cos *partes* de *Radio Nacional de España* e con *Fiestas en el Aire* que a penas nos servían para decatármonos de que eramos *differentes* e, sobre todo, desiguais.

E tardou en chegar, pero chegou o tren europeo de Manuel Martín Ferrand. Primeiro no *Diario de Cádiz*, onde deu as súas primeiras

pedaladas este gran corredor de fondo que é o noso homenaxeado. Despois no *El Pueblo* de Emilio Romero e, xa case de inmediato, en *Radio Popular de Madrid*, na *Televisión Española* e na *Cadena Ser*. O noso Manolo, permítame o mestre esta confianza, ía para gañador e, polo tanto, tamén para ser odiado por alguén, e para gañar sempre, máis odiado aínda, como diría Jorge Valdano. Pero tamén para ser enormemente querido, sobre todo, por unha audiencia radiofónica e televisiva que lle foi rigorosamente fiel durante moitísimo tempo.

Tocoulle traballar na "*mellor televisión de España*", como el mesmo dicía cando se refería a *Televisión Española*, que era sen dúbida a mellor daquela, cousa doada, pero tamén noutras ocasións e aínda o é agora de vez en cando.

Nesa TVE Martín Ferrand dirixiu con éxito programas tan importantes como *Imágenes para saber* (1966), *Nosotros* (1968), con Alfredo Amestoy, *Con acento* (1968), *Siempre en domingo* (1971), *24 horas* (de 1971), *Sábado cine* (1977) e *Hora 15* (1977). Na *Cadena Ser* foi un dos creadores, en 1964, de *Matinal Ser*, *Hora 25* e *Hora 20*, espazos que aínda navegan hoxe polas ondas, axeitados aos tempos e aos ventos que corren ás veces avendavalados, e nos que tomaron osixeno non só todas as actualidades senón tamén todas as opinións e os sentimentos de España.

Non sei se me equivoco dicindo que foi no ano 1969, Martín Ferrand dirixiu o único xornal español que só durou un día, *Nivel*, que foi tumbado pola censura no mesmo día no que saiu á rúa.

En 1973, dirixiu en Madrid *Nuevo Diario*, un xornal que foi durante algún tempo enormemente contributivo da modernidade española, incluída a política e a social. Pouco despois, pasou a dirixir *Diario de Barcelona*, un xornal fundado polo impresor de orixe napolitana Husson de Lapazaran, que llo cedeu, en 1814, ao catalán Antoni Brusi i Mirabent, que lle inspirou ideoloxía monárquica e liberal-conservadora. Era o famoso *Brusi*, tomado o alcume do apelido do seu propietario. Manuel Martín Ferrand dirixiu con acerto aquel xornal que era, antes de finar a súa edición en papel, en 1980, o periódico decano de España e un dos máis antigos de Europa. A partir daquela, tivo unha azarosa traxectoria que rematou convertíndose no actual *Nou Diari*, publicado integramente en catalán.

Dez anos despois, tras abandonar TVE, fundou *Antena 3 de Radio*, rede de emisoras da que foi director xeral e para a que tardou pouco en conseguir altas cotas de audiencia. En 1989, pasou a desempeñar a dirección xeral de *Antena 3 Televisión*. Dimitiu en 1992 e, nos anos seguintes, a súa voz fíxose oír na *Cope* en programas como *La Linterna* e *La Mañana de la Cope*, ata que abandonou a emisora no

2002. Sería despois en *Protagonistas*, primeiro en *Onda Cero* e logo en *Punto Radio*, onde puidemos seguir escoitando a súa palabra. E agora lémosto nas páxinas de *ABC* e en *Estrella Digital*, o xornal electrónico posto a andar por outro pura sangue do xornalismo español, o meu querido Pablo Sebastián para o que lle pido a Martín Ferrand que lle transmita un abrazo.

A pegada do noso homenaxeado podemos atopala tamén nos libros, e aí están, por exemplo, as súas obras *Los heterodoxos* (Madrid, Gondel, 1979) e *Con España a cuestas* (selección de 218 artigos publicados en *Diario 16*, Las Rozas, Eilea, 1995). E imos seguir atopándoa no moito que lle queda aínda por contar, analizar e comentar a este xornalista de cerne de carballo bravo que se cadra non sabe nin, dende logo, non quere facer máis nada que xornalismo do de verdade. Coma aquel outro galego, Alberto Míguez, que o ano pasado se nos foi demasiado desapercibidamente e a quen, se vostedes me deixasen, eu tamén lle rendiría aquí a lembranza que merece.

En fin, Manolo, que oxalá te atopes a gusto nesta pequena viaxe de regreso as túas orixes galegas. Coido que podo falar en nome de todos e dicirche que nós atopámonos encantados de recibirte. Groucho Marx susurraríache á orella que non debes entrar nos sitios onde te admitan doadamente, pero eu asegúroche que este premio que che otorga a Asociación de Xornalistas de Galicia é unha mostra de cariño, de respecto e de admiración pola túa obra e pola túa persoa.

Benvido á túa casa.